

A asociación reconece a Gamoneda, Paco Martín e Lois Pereiro

A asemblea xeral serviu ademais para detallar as actividades que se levarán a cabo ao longo deste ano, entre as que destacan o nomeamento de Antonio Gamoneda como escritor galego universal; a entrega a Paco Martín do recoñecemento anual que fai a entidade co galardón da letra E; e adicar o ano das letras a Lois Pereiro.

Perda de material

Dentro das críticas ao Goberno galego, a AELG lamentou que na última etapa do bipartito se editaran cen mil folletos sobre escritores galegos para repartir nos albergues do Camiño, que finalmente non se distribuiron ao mudar o logo do Xacobeo. Sánchez indicou que se desperdiciaron 60.000 ou 70.000 euros, e agora as publicacións estanse a repartir por centros de ensino para que non acaben «na trituradora», concluíu.